
HAIKUS
galegos
Paco Ledo
O poeta labrego de Chantada
culturalia GZ

HAIKUS GALEGOS

*Paco Ledo*

Edición: Abril 2019

Deseño e Maquetación: Culturalia GZ

© Dos poemas: Paco Ledo
© Desta edición dixital: Culturalia GZ
© Deseño e edición portada: Fernanda Hermida Garel
© Imaxe orixinal portada: Luis (Luca 2008)

http://culturaliagz.com/
info@culturaliagz.com

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución o comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

1

Amo a poesía

E so podo ollar

Onde ela brilla

2

Ergue a noite

Firme esvara a vida

Vento de lonxe

3

Xa non hai horas

Sinto a terra mollada

A alma chora

4

Pinga a serra

Escorrexa o carpazo

Auga de rega

5

Quedan catro

Falan galego novo

Non son labregos

6

Faise o tolo

Entre as maiorías

Non ten pobo

7

A cinza negra

Arde pola Martiña

Todo vai con ela

8

Ela pode pedir

Enterrouna a pena

Para dicir si

9

Entre os azuis

Vai buscando os ceos

Pérdese na luz

10

Frores no agro

Mima o vento norte

Fror de carpazo

11

As bágoas son

Un sentimento máis

nas Frías verbas

12

Na soidade

Vai o fondo camino

Hai  liberdade

13

Ollos azuis

Un mar en primavera

Soio os dela

14

Falan os ollos

Entre dous alentos

Escoito voces

15

Aprende o tempo

Que as cordas están

xaulas sen porta

16

Buscan os soles

Ó traverso dos teus ollos

Os xirasoles

17

Nacen caricias

No baile das xacias

Soa o Miño

18

Ergue o faro

Nas folerpas brancas

Pobo de paso

19

Sen remedio

Todo me di que pare

Ollo o desterro

20

Estou louco

Sei o que é loucura

Penso por min

21

Ergue o pobo

Indefenso armado

Nos horizontes

22

Fuxo coa noite

Buscando a alborada

Gaña o norte

23

Agros de trigo

Fror de sete rosas

Moe o muíño

24

Creo na razón

Talvez exceso de ser

Complexo amor

25

Sobran verbas

Para almas dormidas

Todo ou nada

26

Con pano verde

Agáchase a Serra

Pastos maios

27

Como estranos

Sabendo que é malo

Amor caducado

28

Viños do gaio

Orvallos de Amedo

Arte no baio

29

Sente a fama

Olla varias fontes

Perdendo auga

30

Ollos de nena

Sorrí a primavera

Vanse as penas

31

Lumbriga o día

Piso ponte de Sampaio

Soan cantigas

32

Chora a corte

Non quixo despedirse

Recorda agora

33

Presa nun Pombal

Sen querer pisalle as ás

Non poide  voar

34

Xa e a hora

O tempo non para

Maldito reló

Vello labrego

35

Vai buscando nos soños

Entre as penurias do agro

Bebendo da mesma fonte

Auga que rega os prados

36

A abeaca aparta a terra

Que vai facendo o arado.

O labrego segue a rella...

Detrás do tempo pasado

37

Parecen cousas de meigas

... loitando codo con codo

Segue arrastrado nas leiras

Namentres lle quede folgo